

Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE OUTUBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:


D^a. MARÍA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

1.- LICENZA DE SEGREGACIÓN (CORRECCIÓN DE ERROS).

1.1.- Acordouse corrixir erros materiais detectados no informe técnico de data 26/08/2015, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 7 de setembro de 2015 (punto 3.1 da acta-licenzas de segregación–**exp. 7746/15**), tras novo informe dos servizos técnicos municipais de data 28/09/15.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a realización dun cerramento nunha finca sita en Campo, s/n, Bermés, Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal por importe de de 120,00 euros en



Secretaría Xeral

concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para despacho profesional doméstico nunha vivenda situada en Carballude, 36, Donsión, Lalín.

3.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para elaboración de iogures e postres lácteos artesanais en Bergazos, 36, Donsión, Lalín.

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo técnico municipal, de data 25/09/15, en relación a unha finca con referencia catastral 36024A221002750000YY, e probar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 29/09/2015 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior

5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde, elaborado polo coordinador de seguridade das obras do “Proxecto de paisaxismo para a construción dun aparcadoiro e a súa integración paisaxística no contorno do Pazo de Liñares” a executar polo obradoiro de emprego.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse admitir a documentación presentada pola Asociación Cultural “Banda de Gaitas de Lalín” como xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación cultural Banda de Gaitas de Lalín para a adquisición de vestiario, aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 9.002,40 € derivado da factura xustificativa da adquisición do vestiario subvencionado e recoñecer a obriga a



Secretaría Xeral

favor do beneficiario anteriormente relacionado polo importe de 4.000 €, tal como resulta da cláusula cuarta do Convenio.

7.- EXPEDIENTE DE DEVOLUCIÓN DE ICIO E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA.

7.1.- Acordouse estimar a reclamación formulada por interesado e proceder á devolución de 2.685 €, abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

7.2.- Acordouse proceder á devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de **300 euros**, como garantía para responder da obra “**Vivenda unifamiliar en Lagazós-Lalín de Arriba**”.

8.- TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI NÚM. 43.

8.1.- Acordouse autorizar a **transmisión da licenza de taxi** número 43.


9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse **acollerse ás Bases Reguladoras do IIº Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015**, solicitar á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra a subvención para a contratación de persoas desempregadas non perceptoras de prestacións ou preceptoras de prestacións sociais, destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia para a realización dos mencionados servizos e comprometerse ao financiamento das partidas orzamentarias que correspondan ao Concello e ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición, no suposto de obter a subvención solicitada.

9.2.- **Acordouse corrixir** un erro detectado no artigo 2ª, punto 2.2 g). das Bases Reguladoras do programa de axudas municipais para a creación de empresas do Concello de Lalín, aprobado na Xunta de Goberno Local de 17 de agosto de 2015 e publicadas no BOP. núm. 165 do xoves 27 de agosto de 2015.

9.3.- Acordouse aprobar a renuncia voluntaria ao programa de Xantar na Casa dunha persoa usuaria.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

9.4.- Acordouse conceder os premios conqueridos polos gañadores no *concurso da XXXIª Edición de Feiradeza e XXIº Concurso de Gando Frisón, celebrada os días 26, 27 e 28 de xuño de 2015* con arranxo as Bases aprobadas e a Acta asinada polo Director Técnico do Concurso.

9.5.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES DURANTE O ANO 2015.

Acordouse denegar a concesión das axudas para actividades a desenvolver polas asociacións de mulleres do concello de Lalín un solicitante por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e conceder as axudas destinadas á realización de actividades a desenvolver polas Asociacións de Mulleres durante o ano 2015.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

=====

